Número de expediente:2022/TRIBUNAL/000002

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL ASESOR A PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR CINCO PRAZAS DE ADMINISTRATIVO INTEGRADAS NO GRUPO "C", SUBGRUPO C1, DA SUBESCALA ADMINISTRATIVA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INCLUÍDAS NA OEP 2021, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA

Con data 14.02.2022 o tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a cobertura de cinco prazas de administrativo integradas no grupo C, subgrupo C1, da subescala administrativa da escala de administración xeral, incluídas na OEP do ano 2021, pola quenda de promoción interna, na súa sesión constitutiva e consonte ao disposto na base 8ª das bases reguladoras da convocatoria, acorda propoñer que se incorpore o persoal asesor que consta na acta de constitución do tribunal cualificador incorporada ao expediente e que resulta do teor literal seguinte:
"(...)

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL ASESOR PARA A CORRECCIÓN INFORMÁTICA DO PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST .- *Consonte ao disposto na base 8ª das bases reguladoras da convocatoria, o tribunal acorda, por medio do seu presidente, propoñer á Concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, a incorporación do seguinte persoal asesor para as labores de corrección do exercicio tipo test, limitándose éste a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas:*

.- Proponse, en calidade de asesor para a corrección informática do primeiro exercicio tipo test a don Jaime Barba García-Borregón, informático do servizo de Informática do Concello de Pontevedra, e como suplente, a don Santiago Pérez Agra, técnico superior enxeñeiro informático do Concello de Pontevedra

(...)"

En consecuencia, ao abeiro do establecido na base 8ª das bases reguladoras da convocatoria e de conformidade coa proposta do tribunal cualificador que antecede, esta concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas pola Alcaldía mediante Decreto de data 15.06.2019,

RESOLVE:

Primeiro.- Designar en calidade de asesor para a corrección informática do primeiro exercicio tipo test a don Jaime Barba García-Borregón, informático do servizo de Informática do Concello de Pontevedra, e como suplente a don Santiago Pérez Agra, técnico superior enxeñeiro informático do Concello de Pontevedra

Segundo.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o ordena e dispón a Concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da administración municipal, dou fe.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 15/02/2022

Asinado por: MARÍA DO CARME FOUCES DÍAZ
Servizo: PRESIDENCIA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 15/02/2022
RESOLUCION: 2022000737

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:MGG3JVGQDHUJEZ26